



CONCELLO DE REDONDELA

DEPARTAMENTO: PERSOAL

EXP. NÚM.: 2834/2022

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO COBERTURA PRAZA OPE DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL LEI 20/2021: 1 PRAZA OFICIAL CONDUTOR/A

## RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-1222, con data de 20/05/2022, pola que aprobou a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)*, núm.: 100, do 26/05/2022) e que contén, entre outras, a seguinte praza de persoal laboral:

1 praza de OFICIAL CONDUTOR/A, a tempo completo, equiparada ao grupo C, subgrupo C2 da función pública, categoría Oficial, polo sistema de concurso-oposición libre.

As bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, publicáronse no BOPPO núm.: 7, do 11/01/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 21/03/2023 e rematou o día 03/04/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1764, con data de 26/07/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos que se convocaron para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, entre as que se incluía a antedita praza de OFICIAL CONDUTOR/A (Persoal Laboral Fixo), mediante o sistema de concurso-oposición, que se publicou no BOPPO núm.: 151, do 07/08/2023.





CONCELLO DE REDONDELA

O día 14/08/2023 finalizou o prazo establecido de 5 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir neste proceso selectivo a Juan Bautista Iglesias Rodríguez, con DNI núm.: \*\*\*\*\*623-J e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas para a cobertura dunha praza vacante de OFICIAL CONDUTOR/A (Persoal Laboral Fixo), mediante o sistema de concurso-oposición.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL CONDUTOR/A (Persoal Laboral Fixo), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Pablo Alonso Davila, policía local do Concello de Redondela.
- Suplente: Raquel Portela Cajiao, técnica auxiliar do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.

SECRETARIA:

- Titular: Carlota Ariadna Villar Prado, policía local do Concello de Redondela.
- Suplente: Claudio Alberto Santorio Paleo, policía local do Concello de Redondela.





## VOGAIS:

-Titular: Eduardo Manuel Silva Campos, oficial condutor do Concello de Redondela.

-Suplente: María del Carmen Baloiira Duro, xefa da sección do servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

-Titular: Raquel Carracedo Picáns, administrativa do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.

-Suplente: Cristobal González González, administrativo do servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.

-Titular: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

-Suplente: Ana María Osorio Calles, administrativa do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 09/05/2024

HORA: 10:00

LUGAR: Telematicamente

CUARTO: A data de realización da fase de concurso será o:

DÍA: 09/05/2024

HORA: 10:30

LUGAR: Telematicamente

QUINTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización da fase de oposición o:





DÍA: 27/05/2024

HORA:

-10:00 para a realización do 1ª parte da proba práctica (tipo test)

-12:00 para a realización da 2ª parte da proba práctica.

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

SEXTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio das fases de concurso e de oposición deste proceso selectivo.

SÉTIMO: Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

